

MOCIDADE DESMONTANDO O PATRIARCADO


POR UN MUNDO LIBRE
DE VIOLENCIAS MACHISTAS

Proposta metodolóxica



Coa financiación de





A tradución e revisión lingüística do galego foi realizada pola equipa de InteRed Galicia.

A impresión da guía foi financiada ao abeiro da convocatoria para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global (Orde do 2 de abril de 2019, DOG # 77) da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea (Cooperación Galega) dependente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Xunta de Galicia) e enmárcase no proxecto “De Ítaca a Avalón: da igualdade na educación á coeducación para a transformación social e polo dereito a unha vida libre de violencias machistas. Fase I”.

Autoras

Luisa María Ocaña Muñoz.
Mar Maiques Díaz.

Revisión de textos

Guillermo Aguado de la Obra
María Monjas Carro.

Coordina e colabora na publicación

María Monjas Carro.

INTERED

C/ Vizconde de Matamala, 3, 1º y 2º planta, 28028 Madrid.
www.intered.org

OTRA ESCUELA

www.otraescuela.org

Ilustración e diagramación

Samuel Coronado (@samuel.coronado7).
Tatiana Coca Bogotá.

ISBN: 978-84-121198-1-7

Depósito Legal: C 200-2020

Diciembre de 2019, Madrid (España).

Esta publicación conta coa colaboración da Cooperación Española a través da Axencia Española de Cooperación (AECID). O contido da mesma é responsabilidade exclusiva de InteRed e non reflicte, necesariamente, a postura da AECID.

InteRed
por una educación transformadora



XUNTA
DE GALICIA



cooperación galega

Coa financiación de



MINISTERIO
DE ASUNTOS EXTERIORES
Y DE COOPERACIÓN



RECOMENDACIÓNS

para o uso desta guía

Este documento é unha guía práctica dirixida a educadores/as (persoal de InteRed) que queiran traballar con mozos en prevención de violencias machistas e ten como obxectivo ofrecer ferramentas teóricas e prácticas para levar a cabo procesos educativos nesta materia. É por iso que se recomenda que as e os educadoras/es pasen pola súa vivencia e as súas emocións a reflexión e os contidos e actividades da guía.



Aínda que esta guía contén todos os aspectos teóricos e prácticos para estruturar e realizar procesos educativos en prevención de violencias machistas con mozas, resulta fundamental que o presente material poida ser apropiado por quen o vaia a usar a través dun traballo previo de formación nas temáticas, as pedagogías, metodoloxías e recursos didácticos. É por iso que se recomenda que os e as educadores/as pasen pola súa vivencia e as súas emocións a reflexión dos contidos e actividades da guía.



Este é un documento que articula, integra e é a continuación do extenso traballo que desde InteRed se ven desenvolvendo con mocidade ao longo dos anos, desde a perspectiva da coeducación. Por tanto, recoméndase que no proceso de implementación desta cartilla os e as educadores/as teñan en conta e coñezan o amplo espectro de materiais que sobre a temática se xeraron dende InteRed e que se atopan citados ao longo da guía.



Un dos obxectivos principais da proposta educativa que nesta guía facemos é fomentar e acompañar a xeración de liderados e axencia política dos e as mozas como actores fundamentais na transformación das violencias machistas. É por iso que o fin último desta guía é que sexan os e as mozas quen, por si mesmos e de acordo aos seus intereses e necesidades, identifiquen as violencias machistas e as súas causas (no persoal, nas súas contornas e no global) e deseñen as súas propias ferramentas e estratexias de sensibilización, mobilización e incidencia política.

ÍNDICE

1

Recomendacións para o uso desta guía

2

Introdución

- a. Antecedentes
- b. Xustificación: por que e para que esta guía didáctica
- c. Relación Interred e Outra Escuela

3

Árbore da aprendizaxe



I. Fundamentos pedagóxicos

- a. Definición
- b. Perspectivas: as sementes que imos semantar



II. Metodoloxía

- a. Definición
- b. Enfoque Socio – afectivo
- c. Claves para a facilitación



III. Recursos Didácticos

- a. Definición
- b. Actividades para a prevención de violencias machistas



IV. Froitos de transformación nonviolenta

4

Fichas de Actividades

5

Bibliografía





2 INTRODUCCIÓN

2 INTRODUCCIÓN

a. Antecedentes.

InteRed, como ONGD promovida pola **Institución Teresiana**, é promotora do traballo que dita organización, a través dunha longa xenealoxía de mulleres, desenvolveu a favor dos dereitos das mulleres ao longo da súa historia, contribuíndo de maneira significativa ao seu acceso á educación e á loita polos seus dereitos sociais e civís.

InteRed aprende e inspírase, ademais, de diversas correntes de pedagogía crítica e liberadora, sendo unha das súas principais influencias o pensamento e a práctica da **Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global** (EpDCG), que implica a toma de conciencia de estar a vivir nun mundo global, formado por realidades distintas e afastadas pero interconectadas.

No marco da EpDCG, realizou diversas campañas de sensibilización, formación, mobilización e incidencia política sobre xénero e desenvolvemento.

Entre elas, e coa idea de poñer a sustentabilidade da vida no centro do modelo de desenvolvemento, **xorde en 2012 a campaña “Actúa con Coidados. Transforma a realidade” e a súa segunda fase, “A revolución dos coidados”** (2016), apoiada no material co mesmo nome. Con esta proposta preténdese fomentar a reflexión sobre en que sociedade vivimos e expor un cambio que promova un novo modelo de desenvolvemento baseado na ética do coidado e o pleno goce dos dereitos humanos

de todas as persoas. Un novo modelo de desenvolvemento cuxa meta é poñer no centro ás persoas e a vida en xeral, tamén a do planeta, fronte á centralidade dos mercados, e que se asuma unha responsabilidade colectiva dos coidados onde, ademais das mulleres que son historicamente quen os asume, estean implicados o Estado, as empresas e os homes, recoñecendo os “coidados” como cuarto alicerce do estado de benestar e con políticas públicas que o favorezan. Os dous documentos teóricos, o audiovisual, os materiais didácticos e de mobilización e as accións que levan a cabo por todas as delegacións de InteRed, así como a súa duración no tempo, dotan a esta campaña dun compoñente de apropiación especialmente significativo na organización. Contribuíndo con ela, ademais, ao debate público que culminou na folga de coidados que formou parte da primeira convocatoria de folga feminista o pasado 8 de marzo de 2018.

No marco desta campaña desenvolveuse a **metodoloxía de participación xuvenil “Mocidade Actuando con Coidados”** co fin de impulsar un proceso de empoderamento xuvenil dende o que xerar alternativas de cambio ante un sistema inxusto e desigual. O obxectivo da proposta¹ era favorecer unha experiencia vital transformadora (sensibilización – formación – concienciación – acción) a persoas mozas organizadas en grupos de mobilización, que deseñen e poñan en práctica de forma colectiva accións de mobilización e incidencia política para a reivindicación de cambios e melloras na vida dos seus centros educativos, barrios, cidades e outros ámbitos



1. InteRed (2017) Mocidade Actuando con Coidados. Proposta para promover a participación social de mozas e mozos.

da súa realidade local desde unha perspectiva global. Expón a mobilización social non como un resultado senón como un camiño de crecemento na cidadanía. O grupo explora sobre si mesmo dende o plano individual e colectivo, desenvolve o sentido crítico e a reflexión, cuestionando a realidade dende a súa subxectividade e a análise do modelo social proporcionado polo enfoque de xénero e coidados. Deste xeito, a partir do recoñecemento das problemáticas que nos afectan a escala planetaria, e a toma de conciencia do papel protagonista da cidadanía como motor de cambio, comeza un proceso de empoderamento persoal e de equipo que permite, progresivamente, explorar as capacidades e posibilidades individuais e grupais para o paso á acción, concretadas no deseño e implementación de iniciativas creativas que provoquen, mostren, reivindiquen ou inspiren cambios sociais no contexto máis próximo, as súas comunidades e/ou centros educativos.

Foron moitas as experiencias vividas en relación á posta en marcha de **“Mocidade Actuando con Coidados”** en diferentes provincias españolas, o que nos permitiu darnos conta do gran potencial que conleva o traballar con mozas e extraer ademais as aprendizaxes máis significativas do proceso de traballo con grupos de mozas de diferentes contextos, clases sociais, orixes e crenzas.

Á súa vez, no ámbito da Cooperación Internacional, InteRed, desde o ano 2016, comezou a implementar en Bolivia proxectos coeducativos para a prevención das violencias machistas no ámbito escolar, acompañando procesos formativos con profesorado, familias, novas e adolescentes, sendo un dos compoñentes a xeración de grupos de mozas/os como axentes de cambio para sensibilizar e mobilizar aos seus pares. Despois de tres anos de traballo continuo púxose de manifesto como, de todas as accións postas en marcha cos diferentes colectivos mencionados, é, sen

dúbida, o traballo con mozas/os o que máis se está consolidando e o que está a dar mellores resultados, en particular a conformación de grupos de mozas/os como axentes de cambio que se converten en axentes multiplicadores a través das súas propias estratexias artísticas e comunicativas.

b. Xustificación: por que e para que esta guía didáctica.

Neste momento, InteRed está a poñer en marcha a nova campaña **“Toca Igualdade”** con obxecto de xerar cidadanía global comprometida por un mundo libre de violencias machistas. **A poboación meta** que protagonizará esta campaña será **a poboación nova de espazos educativos do ámbito formal e non formal**. Como vimos, é sen dúbida o traballo coeducativo con mozas e adolescentes o que está a dar mellores resultados na xeración de cidadanía activa e comprometida para a erradicación das violencias machistas. A súa apertura aos cambios, os seus cuestionamentos sobre as desigualdades de xénero que afectan ás relacións que establecen con outros/as novos, as súas ganas de cambiar os patróns machistas de conduta que venñen sufrindo dende a infancia, a súa facilidade para traballar en grupo, a súa creatividade e paixón pola posibilidade de transformación social, son garantes, a través das súas pequenas conquistas, dos novos imaxinarios e discursos que nos propoñen, das novas relacións que establecen, das novas propostas políticas que inventan, de que poden ir achanando o camiño cara a un horizonte de relacións horizontais, sás e igualitarias entre os homes e as mulleres.

O traballo realizado en España con mozos mediante a metodoloxía **“Mocida-**



de **Actuando con Coidados**” evidenciou que as accións de mobilización e incidencia política desenvolvidas polo alumnado nos seus centros educativos e/ou contornas locais, serviron de motor de motivación e empoderamento para as e os mozos, permitíndolles tomar conciencia da capacidade de axencia que teñen para transformar as súas realidades máis próximas e cotiás, partindo da análise da realidade global e cunha mirada crítica e propositiva.

É por iso que, sendo un dos obxectivos principais da campaña, que *as e os mozos identifiquen as violencia machista e as súas causas (no persoal, nas súas contornas e no global) e deseñen as súas propias ferramentas e estratexias de sensibilización, mobilización e incidencia política para esixir o dereito de mulleres e nenas a unha vida libre de violencia*, queríamos contar cunha metodoloxía de participación xuvenil que apuntase e facilitase a consecución deste obxectivo, partindo tanto das aprendizaxes adquiridas na elaboración e posta en marcha de **“Mocidade Actuando con Coidados”**, como das experiencias e vivencias recollidas nos procesos de cooperación internacional vinculados á prevención da violencia contra as mulleres, particularmente en América Latina.

Para re-significar as nosas accións e situacións no marco da nova campaña que, aínda que directamente vinculada á anterior, quere profundar de forma específica no cuestionamento do sistema patriarcal como xerador de discriminacións e violencia contra as mulleres e nenas, propónse nomear a nova metodoloxía como **Mocidade Desmontando o Patriarcado por un mundo libre de violencia machista** e dotala, froito das aprendizaxes recollidas nos procesos mencionados, de:

1 Ferramentas que permitan unha apropiación da metodoloxía por parte do persoal de InteRed que vai aplicala, partindo das bases conceptuais e metodolóxicas que InteRed foi desenvolvendo ao longo dos anos e que conforman a súa misión e formas de facer. Ademais, nútrese da proposta sobre o enfoque socio – afectivo que vén traballando Outra Escuela e que, en sintonía co facer de InteRed, ten como obxectivo fundamental pasar a aprendizaxe polo corpo e as emocións, propiciar a reflexión individual e colectiva do alumnado e sitúa a vivencia e as emocións no centro, perseguindo como paso último o incentivar propostas de acción transformadora para as súas propias contornas.

2 Unha ruptura da dinámica euro-céntrica da colonialidade do saber (Lander, 2000), segundo a cal o coñecemento válido prodúcese en Europa e expórtase cara ao sur global, expropiando ou invalidando o que no sur se produce. Isto implica traer unha mirada dende o sur que permita recoñecer e compartir coñecementos, saberes e prácticas, xerminadas nos outros contextos (en particular o colombiano) para xerar un diálogo de saberes e nutrir o traballo que leva a cabo en España dende InteRed. Lonxe de propiciar a apropiación dos devanditos saberes e prácticas (e caer novamente na dinámica euro-céntrica) preténdese ampliar a mirada, os referentes teóricos e as prácticas políticas e educativas na procura dunha transformación social fronte aos sistemas de dominación, para tecer pontes de diálogo horizontal e de acción conxunta entre os distintos contextos.

3 Un cuestionamento do sistema patriarcal que, partindo dende as propias vivencias, permi-



ta profundar na construción das nosas identidades como base das desigualdades de xénero e as violencias contra as mulleres e identificalas como funcionais ao noso modelo de desenvolvemento.

4 Mecanismos que permitan fortalecer as habilidades de portavocía e comunicación, así como o accionar político das e os mozos, de modo que a consecución do proceso non sexa só a realización dunha mobilización ou acción de sensibilización puntual nos seus centros educativos e/ou barrios, senón que se xeren grupos de mozos/as sustentables no tempo, que poidan funcionar de forma autónoma unha vez terminado o proceso e en alianza con outras organizacións e asociacións dos seus barrios.

C. Relación InteRed e Otra Escuela.

Para a creación deste material, dende InteRed articulámonos coa ONG colombiana Otra Escuela (OE).


Desde a súa conformación no ano 2000, OE traballou na construción de Culturas e Pedagogías de Paz a partir de escenarios de formación, xestión cultural, sistematización de experiencias e investigación, acompañando diversos procesos en diferentes rexións de Colombia, Latino-América e España. Conta con oficinas en Bogotá e Santander de Quilichao (Colombia), así como en Madrid (España), e está conformada por un equipo multidisciplinar que fundamentada o seu traballo para partir da linguaxe artística, o xogo, a creatividade, a neuro-convivencia, o enfoque socio-afectivo e a Educación para a Paz.

Así ben, o seu quefacer relaciónase co

uso da arte e as psicoterapias, no traballo psico-social con comunidades e no fortalecemento do tecido social; a formación a formadores/as en ferramentas de educación para a paz, a neuro-convivencia e os dereitos humanos; o desenvolvemento de capacidades de cultura de paz en organizacións da sociedade civil; o fortalecemento de ferramentas pedagóxicas para transformar conflitos a través da arte e o xogo en escenarios escolares e organizativos; así como tamén, no acompañamento de creación de contornas para a cohesión, o coidado propio e relacional, e, a atención ao desgaste profesional, ao interior de equipos de traballo de diversas organizacións.

Esta alianza entre InteRed e Otra Escuela xorde coa intención de xerar diálogos entre as propostas de ambas as organizacións e nutrir esta guía coa experiencia que OE ten no campo das pedagogías alternativas e a construción de culturas de paz. Isto materializámolo a través da realización dunha formación ao equipo de InteRed e a creación da proposta e escritura da presente guía, na que se inclúe a proposta de entender a aprendizaxe como un proceso creativo e dialogado onde converxen a pedagogía, a metodoloxía e a didáctica.





“A educación debe comezar pola superación da contradición educador/a - educando/a. Debe fundarse na conciliación dos seus polos, de tal maneira que ambos se fagan, simultaneamente, educadores/as e educandos/as.”

Paulo Freire



3 **ÁRBORE** da **APRENDIZAXE**

Árbore da Aprendizaxe.

*Educación para unha verdadeira transformación social implica falar dun PROCE-
SO persoal e colectivo, a través do cal
cada persoa poida atopar un espazo
compartido no que reflexionar, coñecer,
informarse e tomar conciencia do mode-
lo social no que vive, para desde aí po-
der expor accións con outras e outros.*²

En InteRed entendemos por Educación Transformadora aquela que ten por obxectivo impulsar procesos de ensino - aprendizaxe que contribúan a garantir o dereito á educación, entendida como un ben común para todas as persoas e comunidades do mundo, cunha mirada humanista e inclusiva, que recoñece e valora as diversidades de todo tipo. Promove unha Cidadanía Global crítica, responsable e comprometida, a nivel persoal e colectivo, coa transformación da realidade local e global para construír un mundo máis xusto, máis equitativo e máis respectuoso coa diversidade e co medio ambiente, no que todas as persoas poidamos desenvolvernos libre e satisfactoriamente³.

Entender a educación desde este modelo implica:

1 Propiciar a participación activa do alumnado onde o coñecemento e a aprendizaxe se constrúa colectivamente a partir das súas propias experiencias e reflexións, contribuíndo así ao empoderamento persoal.

2 Realizar un exercicio crítico de lectura da realidade que analizamos á vez que nos encamiñamos ao compromiso coa mesma e facémonos persoas que “se fan cargo” de transformala.

3 Xerar cambios no modelo hexemónico patriarcal dominante que dean paso a un sistema-mundo no que convivan valores de xustiza social, equidade, respecto ao medio ambiente e á diversidade.

Cando nos propoñemos levar a cabo un proceso educativo despregamos todos os coñecementos e experiencias que como docentes ou facilitadores/as temos á nosa disposición. Aínda cando os nosos recursos sexan variados, a complexidade do proceso de ensino- aprendizaxe requírenos enmarcar o horizonte do accionar educativo para dotar de significado e coherencia os contidos, as actividades ou as reflexións que pretendemos xerar.


É por iso que partimos da idea de que en calquera proceso educativo interveñen tres conceptos que se conxugan e relacionan entre si: a pedagogía (principios do acto educativo); metodoloxía (momentos do acto educativo) e didáctica (técnicas dentro do acto educativo). É habitual atoparnos en escenarios de educación (formais ou non formais) nos que se presenta un exceso de atención á didáctica, é dicir, concéntranse esforzos e recursos en recoller e aplicar actividades, dinámicas e exercicios, deixando por fóra os compoñentes pedagóxicos e metodolóxicos, coma se os procesos formativos se estruturaran só con listaxes de actividades ou caixas de ferramentas desprovistas dun proceso creativo e reflexivo que se pregunte polo sentido da aprendizaxe, os contidos para ensinar e como ser consecuente coa posta en práctica no proceso de formación.

Para explicar a relación que existe entre pedagogía, metodoloxía e didáctica, e como resultan fundamentais no acto de educar, propoñemos a **metáfora da árbore** que nos resulta bastante ilustrativa.

Desde esta mirada, buscamos equilibrar




2. InteRed (2019) Posicionamento Institucional de InteRed por unha Educación Transformadora.
3. InteRed (2019) Coeducando cara a unha cidadanía global comprometida por un mundo libre de violencia machista. Páxina 82.



o protagonismo de cada un dos compoñentes da árbore, entendéndoos como partes fundamentais do mesmo que se relacionan entre si. Non só conferimos importancia ao contido senón tamén á coherencia das técnicas, métodos e recursos didácticos que empregamos no proceso socio-educativo que propoñemos (InteRed, 2017:15). A relación coherente entre pedagogía (principios do acto educativo), metodoloxía (momentos do acto educativo) e didáctica (técnicas dentro do acto educativo) debe ser a procura de quen se di pedagogo/a. A continuación, imos explicar estes conceptos en relación coa metáfora.





“(...) unha pedagogía dos oprimidos/as, dxs ofendidxs de diversas maneiras pola cultura capitalista, patriarcal, racista, homofóbica, imperialista, violenta; unha pedagogía que nos permita volvernos suxeitos de nosa propia marcha, do seu rumbo, da renovación das súas metas e das formas e ritmos que eliximos para camiñar.”

Claudia Korol



**Fundamentos
Pedagógicos**

I. Fundamentos Pedagóxicos

a. Definición.

Cando facemos referencia á pedagogía dentro da metáfora da árbore, esta sería a semente, o punto de partida. Antes de sementar preguntámonos que tipo de árbore queremos ter, para así escoller a semente axeitada. Se queremos un carballo, escolleremos unha semente de carballo, se queremos un piñeiro, a semente será de piñeiro.

Aínda que pareza obvio, cando emprendemos un proceso formativo, do mesmo xeito que coa sementeira, debemos preguntarnos que queremos ver crecer no proceso, que queremos cultivar, noutras palabras, **cales son os contidos e sobre todo os valores que queremos transmitir, construír e reforzar no proceso.**

A semente (é dicir, a pedagogía) debe ir cargada de todos os compoñentes que definen o noso horizonte educativo. No noso caso, como a nosa intención como educadores/as é fomentar o bo trato, a equidade e a prevención das violencia machista na mocidade, necesitaremos usar pedagogías que sexan coherentes con este obxectivo e que enmarquen a metodoloxía (tronco) e a didáctica (ramas).

Entendemos a pedagogía, entón, como o saber que dá conta reflexivamente do acto de educar (ensino e aprendizaxe). É dicir, **a pedagogía é a reflexión, a indagación e a procura de sentido sobre o acto / o meu acto de educar. É pedagogo/a quen reflexiona sobre a educación e, en especial, sobre as súas prácticas educativas.** No devandito acto reflexivo, debemos sentir, pensar e propoñer ao redor de:

- Para que educar
- Os contidos do acto educativo
- A secuencia dos devanditos contidos
- O como educar
- Os recursos para usar no acto educativo e a valoración de tal acto (emitida por todos os suxeitos involucrados).

b. Perspectivas: as sementes que imos sementar.

Apostar por unha educación transformadora onde a mocidade poida ser axente na prevención de violencia machista, require ter como punto de partida uns fundamentos pedagóxicos sólidos e coherentes co noso obxectivo.

A base destes fundamentos é o cuestionamento ao actual modelo de educación androcéntrico e heterosexista vixente. En definitiva, requirimos dunha pedagogía que sexa alternativa aos modelos educativos dominantes.

É por iso que a continuación compartimos as sementes que sementaremos para dotar de sentido ao noso proceso reflexivo e creativo de educar aos/as mozas na prevención de violencia machista.

1

Pedagogías feministas e coeducación

A nosa primeira semente é a pedagogía ou pedagogías feministas, que achegan unha mirada alternativa e crítica aos modelos de educación impe-



rantes. En InteRed apostamos pola Coeducación entendéndoa como un modelo educativo que promove a transformación social e global, sendo o feminismo, como pedagogía e aposta política, un dos marcos de referencia e guía para a devandita transformación social. Ao recoñecer ao feminismo como unha fonte de inspiración, referímonos ás propostas e correntes educativas que se definen a si mesmas como feministas, pero tamén ás consecuencias que para a educación teñen os postulados dos diversos feminismos formulados desde o século XIX á actualidade e as achegas, frecuentemente invisibilizados, das mulleres ao longo da Historia da Pedagogía.

A instauración dos sistemas de xénero nas diversas sociedades ao longo da historia, viuse fortemente apoiada polas construcións filosóficas sobre o *ser muller* e polas reflexións e as prácticas educativas que sustentaban a estrutural subordinación das mulleres pola súa condición biolóxica.

A mediados dos anos 90 as teóricas feministas evidenciaron o feito de que o modelo pedagóxico dominante tiña un carácter androcéntrico (Subirats, 1994) e que a escola continuaba sendo un espazo privilexiado para manter a subordinación das mulleres, xa que tanto o profesorado como a estrutura e a organización escolar, tendían a reproducir a transmisión das xerarquías sexuais de forma explícita e implícita (o que se deu en chamar o currículo oculto). Expuxeron entón a proposta coeducativa con enfoques, modelos e principios pedagóxicos claramente vangardistas que superaban a reprodución sexista do mundo: transmitir ás xeracións en formación unha actitude crítica respecto á reprodución das formas socioculturais patriarcais, integrar as experiencias das mulleres nos contidos e nas prácticas educativas, revisar a linguaxe androcéntrica que se utiliza de cotiá na aula, revisar a maneira de organizar os espazos e o mobiliario nas aulas, realizar unha análise de

xénero sobre os métodos didácticos que se elixen, os libros de texto e os materiais de apoio que se seleccionan nos diferentes niveis educativos, cuestionar e actualizar a forma en que se establecen as relacións coa comunidade educativa, os criterios que se utilizan para determinar o correcto e o incorrecto das condutas individuais e colectivas, a permisividade das condutas violentas, etc.

Conscientes de que a educación é sempre unha acción política, en InteRed entendemos a **Coeducación como o modelo educativo cuxo marco político é o feminismo. Cuestiona e desmonta o sistema androcéntrico e heteropatriarcal en que normalmente se educa na actualidade.** Promove a crítica e o empoderamento individual e colectivo cara á acción transformadora das estruturas de poder patriarcal, integra a xestión do conflito e as relacións de bo trato fronte a naturalización das violencias machistas, e aproveita e celebra as diferenzas, como forza creativa para enriquecer a nosa visión e as nosas loitas comúns cara á xustiza e a equidade.

As catro dimensións ou eixos de traballo onde poñemos a atención son:

a. Poñer no centro o coidado das persoas e do planeta. Os coidados, tradicionalmente impostos sobre as mulleres, aínda que son imprescindibles para o mantemento da vida, son habitualmente relegados dos currículos. Propoñemos unha **Pedagogía dos Coidados con mirada ecofeminista orientada á sustentabilidade da vida** e non ao servizo da produción e a acumulación de capital. Unha pedagogía que denuncia e transforme a actual crise dos coidados coas súas cadeas globais, a súa organización social por sexos e as súas débedas de coidados; supón unha visión radicalmente distinta á androcéntrica que domina nas escolas, evitando perpetuar as normas, valores, modos de pensar e estruturas sociais que negan a inter e eco dependencia, xerando desigualdades,



pobreza e violencia. Conxuga, na educación, a ética da xustiza coa do coidado, enfrontando de forma pacífica e creativa os conflitos que xera a defensa dos coidados sobre outros intereses.

b. Promover e celebrar a riqueza da diversidade de identidades como unha fonte de posibilidade transformadora e creativa, repensando as identidades hexemónicas impostas polo heteropatriarcado (en canto a sexo, etnia, clase, idade, orientación e identidade sexual, diversidade funcional, etc.) e respectando e mostrando a riqueza da diversidade de identidades existentes como un valor en positivo e non como un problema. Xerando espazos e contextos educativos seguros e respectuosos coa diversidade, onde as persoas se sitúen de forma explícita a favor da diversidade como unha ganancia para toda a sociedade e buscando a igualdade de dereitos e oportunidades para todas e todos.

C. Promover unha educación afectivo-sexual de calidade que motive un pensamento crítico e acompañe ás persoas para que se expresen cos seus corpos e as súas mentes de forma libre e autónoma, de modo que as relacións afectivo sexuais que establezan sexan unha fonte de benestar e non un mecanismo xerador de desigualdades e violencia. Promovendo a corresponsabilidade no ámbito dos coidados, os afectos e a sexualidade, para que mozos e mozas sexan respectuosos/as ante os desexos do outro ou a outra, practicando unha escoita emocional activa e co-responsabilizándose á hora de tomar decisións que se vinculan co terreo afectivo sexual que comparten.

d. Prever as violencia machista (como consecuencia directa dos puntos anteriores), mostrando tolerancia cero ante calquera tipo de violencia, deslexitimando o machismo e os diferentes tipos de violencia contra as mulleres como patróns válidos de comportamento e resolución de conflitos, e fomentando do bo trato e a equidade en todos os aspectos da vida.

Á hora de contribuír á prevención das violencia machista son eixos claves do traballo con mozos e mozas:

Contribuír a unha **visión positiva dos valores “tradicionalmente femininos”** (diálogo, tenrura, empatía, coidados, etc.), promovendo a capacidade de empatía dos nenos e nenas, para que asimilen o coidado das e os demais como un valor positivo.

Mostrar a diversidade de formas de ser nenas-mulleres e nenos-homes, de ser persoas, de modo que cada persoa experimente o positivo da diversidade de identidades.

Visibilizar como calquera pequeno maltrato é un GRAN maltrato, incorporando nos espazos educativos unha **TOLE-RANCIA CERO fronte á violencia**. Clave: ruptura de silencios cómplices fronte a situacións de violencia.

Priorizar a ruptura do vínculo entre masculinidade e a violencia:

- a) Colocando as emocións e os coidados no centro
- b) Trasladando o enfoque dos homes como posibles violentos aos homes como posibles coidadores
- c) Reforzando homes coidadores como referentes.



Visibilizar e normalizar a diversidade de orientacións e identidades sexuais expoñendo os seus mundos afectivos e quefaceres cotiáns, de forma que se faga obvia a similitude básica de todos os seres humanos. Non tratar a homosexualidade por separado, como algo excepcional, de forma explícita, senón como unha práctica máis dentro das posibles prácticas afectivo-sexuais.

Reforzar nas mulleres dous aspectos clave: a **autoestima e a autonomía**, fortalecendo as súas habilidades para aprender a establecer límites e a coirarse a si mesmas; deslindando a súa identidade propia lonxe do concepto «todo por amor» e «todo polos e as demais»..

Mozas e mozos deben descubrir o **goce dos seus corpos desde o respecto**, deben ser capaces de poñerlle nome aos seus sentimentos, identificalos, e expresalos sen medo. **A sexualidade debe ser sinónimo de benestar e confianza**, xa que as relacións de poder nas relacións afectivo-sexuais seguen estando moi presentes e ocultas baixo o espellismo da igualdade xa conseguida.

Entender que a igualdade NON significa ser como tradicionalmente foron os homes, reflexionando de forma crítica coas adolescentes sobre a igualdade en que e para que? de modo que as **mozas definan o mundo dende as súas necesidades e intereses**, nin sendo seres para os demais nin definindo os seus desexos desde puntos de vista masculinos impostos.

Fomentar unha co-responsabilidade integral na parella: doméstica, sentimental e sexual, entendida dende o recoñecemento e exercicio do goce compartido e da prevención compartida, de modo que creza a calidade de vida da contorna onde vivimos. Cambiar as relacións de risco por relacións de coidado: trátase de **des-erotizar ao “malote”** e ao risco **e erotizar** as relacións de coidado e bos tratos, **ao “home coidador”**.

Situar en valor os diferentes corpos que nos conforman, como mulleres que rompen co modelo de beleza hexemónica e realizan análises críticas sobre como o sistema se serve do control sobre o corpo e a sexualidade das mulleres desde as nosas realidades persoais e locais e vinculándoo con prácticas como a trata, a prostitución, a pornografía ou a xestación subrogada.

Promover relacións afectivo-sexuais dende o coidado e o pracer mutuo e non dende o perigo.

Mentres que o patriarcado avoga polo corporativismo masculino obrigatorio, fomenta, promove e naturaliza a idea de que as mulleres sexan pouco solidarias entre elas; fundamental visibilizar, **potenciar e revitalizar a noción de sororidade**, cuxa base é o fortalecemento dos pactos solidarios entre mulleres. **NON SOMOS COMPETENCIA, SOMOS COMPAÑEIRAS.**



En conclusión, as pedagogías feministas e a coeducación, como a primeira semente que estamos a sementar, achégannos un marco político, ético e conceptual para que xunto coas e os mozos poidamos evidenciar as desigualdades de xénero e as violencia machista que estas producen, abrir un camiño cara á transformación das mesmas nos seus ámbitos persoal, relacional e comunitario, que priorice o respecto, a colaboración e a solidariedade entre mulleres e homes.

2 Educación transformadora.

En InteRed entendemos que a Educación Transformadora promove unha Cidadanía Global crítica, responsable e comprometida, a nivel persoal e colectivo, coa transformación da realidade local e global para construír un mundo máis xusto, máis equitativo e máis respectuoso coa diversidade e co medio ambiente, no que todas as persoas poidamos desenvolvernos libre e satisfactoriamente. Pon o acento na apropiación e aplicación dos enfoques de Xénero, Dereitos Humanos, Socioeducativo, Interculturalidade, Sustentabilidade Ambiental e Interseccionalidade.

Así, defendemos firmemente a educación como dereito fundamental de toda persoa, que implica o exercicio de responsabilidade da sociedade civil, esixindo aos Estados as obrigacións que lles corresponden neste campo: dispoñibilidade de medios e recursos para o seu exercicio, accesibilidade sen discriminación de ningún tipo, aceptabilidade e calidade, adaptabilidade a distintos contextos, participación activa e responsable. Entendémola como un ben común, compartindo con UNESCO a preocupación por como se pode protexer este principio esencial da educación, entre outras da privatización e a súa instrumentalización para obter benefi-

cios económicos.

Defendemos a función do Estado como garante do dereito á educación. Proponemos unha educación humanista, resaltando o valor primordial que ten o ser humano. Destacamos, por tanto, que o obxectivo da educación non é capacitar para a inserción no mercado de traballo senón coñecer e desenvolver a humanidade presente en toda persoa e colectivo, na que destacan os valores de liberdade e xustiza, entendidas desde o punto de vista da equidade. Coincidimos cos dúas principais paradigmas actuais da educación humanista: a mirada holística e a integradora, que busca o desenvolvemento pleno da persoa en todas as súas dimensións (corporal, cognitiva, emocional e espiritual) e en todos os ámbitos (persoal, ético, político, social), recoñecendo a diversidade como fonte de enriquecemento e non de discriminación. Por tanto, apostamos pola educación inclusiva, que recoñece e valora a diversidade biográfica, étnica, cultural, económica, social, relixiosa... tanto a nivel local como global; que é consciente da existencia de desigualdades no exercicio do poder entre uns grupos e outros por causa desas diferenzas; que propón resolver os conflitos de maneira construtiva, traballar a favor da non violencia e fomentar unha cultura de paz nos diferentes contextos.

Facemos unha educación para a cidadanía global, destacando o papel político que xogan todos os axentes educativos. Incorpora nos procesos pedagóxicos elementos como a incidencia política e a mobilización; conscientes de que o exercicio da cidadanía enfróntase ao poder que globalmente se puxo en mans dos mercados. Na actualidade, a cidadanía global artículase cos procesos de des-colonización e des-patriarcalización. No noso posicionamento destacamos a aposta pola coeducación, entendida como a pedagogía que se desenvolve desde un posicionamento político e educativo feminista. Non nos detemos



agora en explicala pois xa foi desenvolvida no apartado anterior.

3 Neuro-pedagogía.

A terceira semente que sementaremos é a neuro-pedagogía, que é unha rama dentro das neuro-ciencias que se encarga de estudar como funciona o cerebro en relación coa aprendizaxe, sendo un das súas achegas máis importante a investigación ao redor de como inflúen as emocións nos devanditos procesos de aprendizaxe.

Comezando polo principio diremos que as neuro-ciencias son un conxunto de ciencias cuxo suceso de investigación é o sistema nervioso humano, con particular interese en como a actividade do cerebro se relaciona coa conduta e a aprendizaxe. Neste sentido, e como dicíamos, as últimas décadas estiveron marcadas polo papel que a neuro-ciencia deu ás emocións na vida humana.

O cerebro triúnico, proposto por MacLean, expuxo a existencia de rastros evolutivos en distintas partes do cerebro que están en permanente relación: o cerebro reptiliano (tronco do encéfalo e cerebelo) relaciónase co comportamento e pensamento instintivos; o sistema límbico (amígdala, hipotálamo e hipocampo) coas emocións e co ser mamíferos; e, por último, o neocórtex (cortiza cerebral) é responsable da conciencia, a razón e a linguaxe, entre outros. A distinción e relación entre estas tres etapas evolutivas do cerebro humano permiten entender a simultánea existencia das mesmas, cuestionando a comprensión da “humanidade” exclusivamente desde o seu compoñente racional, principio cartesiano moderno.

(...) cando se trata de dar forma ás nosas decisións e ás nosas accións, os sentimentos contan tanto como o pensamento, e a miúdo máis. (...) Con demasiada frecuencia enfrontámonos a dilemas pos-modernos cun repertorio emocional adaptado ás urxencias do pleistoceno (Goleman, 2010:24).

Outra formulación da neuro-ciencia que resulta fundamental, parte da esencia social do cerebro humano. Proba diso son as neuronas espello que se activan cando facemos algo ou cando vemos ou imaxinamos que alguén o fai. Grazas a elas podemos imitar aos demais ou aprender habilidades ao contemplar como outros/as o realizan. Elas son, ademais, as responsables da empatía: emocións e pensamentos dos demais que se reflicten en nós e sentímolos como propios. Entendemos a empatía como o sentimento de concordancia e correspondencia co outro/a, o que nos permite poñernos en perspectiva e achegarnos ás demais persoas.

Está agora claro que, ao longo da nosa vida, os nosos cerebros cambian en resposta ao seu compromiso cos demais, de tal modo que os individuos poden ser sempre vistos como partes integrais de sistemas sociais máis grandes. En realidade, parte da nosa identidade depende do establecemento dunha comunidade e do achado de maneiras para pertencer a ela (Salas, 2003:25).



O cerebro evolucionou para permitirnos organizar as relacións cos demais e desenvolveuse ata ser o cerebro máis grande de todas as especies vivas, xusto porque fomos capaces de xestionar a vida en comunidade. Vivir con outros e outras é a marabillosa causa da nosa complexidade cerebral e é por iso que se fai necesario falar de neuro-convivencia.

Razón e emoción, individualidade e sociabilidade son, entón, compoñentes que dialogan, complementáanse e intégranse de forma permanente na vida e nos procesos de aprendizaxe, é máis, son elementos que están na base daquilo que nos fai seres humanos. Agora ben, estes elementos non se dan no aire: pasan, atravésannos o corpo e exprésanse en accións. O miolo do asunto é que non temos corpo, somos corpo e é nel onde conflúe o pensamento, a emoción e a acción; é nel onde a empatía encárnase e mobilízase. Por iso, necesitamos promover a vivencia como punto de partida da nosa aposta educativa e o desenvolvemento da empatía como o seu fundamento.

Algunhas das claves pedagóxico - metodolóxicas que nos deixan as neuro-ciencias e, en especial, a neuro-pedagogía son:

Para funcionar ben e aprender o cerebro necesita, de entrada:

- Descanso: para recuperarse do realizado no día e para fixar o aprendido. A falta de sono afecta a atención, as destrezas motoras, o estado de ánimo e todas as funcións cognitivas.
- Dieta equilibrada e variada: é o órgano máis complexo e de maior consumo enerxético do corpo; a boa alimentación permite contar cos nutrientes básicos para aprender.
- Exercicios de relaxación, de respiración e de actividade física: favorecen a oxixenación do cerebro, diminúen a tensión

e permítenlle descansar do esforzo que esixe manter a atención sostida sobre un mesmo tema. Isto tamén axuda a modelar respostas emocionais, a desenvolver o autocontrol e mellora o rendemento cognitivo.

O noso cerebro é social, por tanto:

- A calidade do contexto inflúe para que o cerebro poida contar cun estado óptimo necesario para a aprendizaxe. Persoal docente e capacitador forma parte do contexto de aprendizaxe, motivo polo cal deben verse como persoas aliadas que contribúen no desenvolvemento das potencialidades de cada alumno/a ou persoa. Ademais, en clase e en todo ámbito social débense traballar os vínculos, o respecto e a harmonía do grupo.
- As emocións facilitan ou dificultan a aprendizaxe; unha positiva relación entre profesorado, alumnado e compañeiras/os mestres, estudantes e con todo o ámbito educativo, xera un clima excelente para a aprendizaxe, tanto a nivel intelectual como emocional. Moita tensión limita as funcións do hipocampo, unha área cerebral moi relacionada coa memoria e coa aprendizaxe. Persoas, grupos e institucións ameazantes son anti-aprendizaxe.

O cerebro no proceso de aprendizaxe necesita:

- Sorpresas e novidades a través de variacións nos estímulos sensoriais: cambios na voz, no volume, no ritmo; modificacións visuais nas cores, nas formas, no movemento, tamaño, variantes táctiles, etc. Isto esperta o interese e a curiosidade.
- Atopar significado e sentido ao que se aprende: o cerebro presta atención ao que considera relevante para a vida e chega máis facilmente a converterse en memoria de longo prazo. Mestres/as e capacitadores/as deben coñecer ao alumnado para axudarlle a descubrir o



sentido do que aprenden e como conectar isto coas súas vidas.

- Que a información se repita e asocie en diferentes momentos, de diversas maneiras e relacionándoo con situacións coñecidas e da vida cotiá. A mellor maneira de fortalecer a memoria de longo prazo é incorporar a información gradualmente, repetila, aplicala e, ademais, expresala coas propias palabras.
- Adaptar os desafíos ás posibilidades de quen o vai a realizar e ir aumentando progresivamente o nivel. Este incremento non debe exceder as posibilidades do momento en que se presenta.
- Que se respecte e comprenda as individualidades para permitirlles chegar á súa máxima expresión: cada persoa é única, posúe unha exclusiva combinación xenética, tempos propios de maduración, experiencias de vida, memoria, talentos e fortalezas que son irrepetibles.

4 Educación popular.

fin de que cada quen poida responder as preguntas todo isto que estamos a facer na aula onde o podo levar e multiplicar? de que forma o quero facer? Lembrando sempre que o *activismo está no cotián nas pequenas cousas, que te vinculen a unha transformación que che guste, coa que esteas interesada, que te conecte co corazón, que che pase polo corpo*⁷.

Neste punto interésanos resaltar a acción crítica e transformadora como finalidade da aprendizaxe e fundamento da nonviolencia. A nonviolencia como concepto (nótese que é unha soa palabra) parte dun compromiso activo contra a dicotomía que socialmente se construíu entre violencia e pasividade, coma se a nosa actitude fronte ao mundo e as súas inxustizas fóra unicamente ou son violento/a ou son pasivo/a. Iso explica que a entendamos como unha soa palabra pois a ausencia de violencia, referida na “non violencia” (como palabras distintas), non necesariamente implica unha acción crítica que busque unha transformación destas; a nonviolencia busca abordar tanto as violencia como a pasividade e indiferenza que as lexitima. A nonviolencia é unha alternativa a esta falsa e individualizadora disxuntiva, violencia e pasividade, e a súa base ético-política parte do recoñecemento da autonomía das persoas, da acción colectiva, da desobediencia e da resistencia civil como vías activas e á vez pacíficas para transformar situacións sociais e leis inxustas ou inequitativas dunha sociedade (Sharp, 1973).

Resulta fundamental este termo cando como educadores/as estamos a buscar incentivar aos e as mozas en activar as súas axencias políticas desde a creatividade, superando tanto a pasividade e indiferenza fronte ás violencia machistas que ven ao seu redor. A nonviolencia busca xerar cambios sociais e culturais estruturais partindo da coherencia entre os fins e os medios para conseguilos. Comparte cos principios pedagóxicos (as sementes) antes descritos

a procura dunha educación centrada na construción conxunta de coñecemento como forma de “humanización” e transformación social, opoñéndose ao autoritarismo e a verticalidade entre educando e educado. A nonviolencia é, así entendida, “unha forma de loita contra a inxustiza, sen que esta loita implique un agravio ou dano á persoa que crea ou apoia dita inxustiza” (Jares, 1999:71).

En conclusión, apostamos por un proceso educativo que posibilite a axencia e os liderados dos e as mozas para a prevención das violencia machistas e a transformación positiva dos conflitos de forma nonviolenta e creativa, implicando unha nova forma:

- De vivir e sentir que conecte co actuar.
- De relacionarnos en sociedade a través da cooperación.
- De emocionarnos por medio da empatía.
- De humanizarnos como forma de resistir e transformar a actual cultura de medo, control, violencia e competencia.



7. Participante do taller facilitado por Otra Escuela, maio 2019.





4 FICHAS de ACTIVIDADES

4 FICHAS DE ACTIVIDADES

a. Provención.

1. Movemento exclusivo

TIPOLOXÍA: Xogo de presentación

OBXECTIVOS:

- Presentación entre compañeiros e compañeiras
- Aprender os nomes
- Comezar a coñecerse coas demais persoas.

PARTICIPANTES: Entre 8 e 40 persoas a partir de 6 anos

TEMPO: 10 minutos

MATERIAIS: Ningún

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:

Todas as persoas forman un círculo, cada cal indica o seu nome e acompañao cun movemento exclusivo e orixinal. O resto do grupo, ao mesmo tempo, repite o nome e o movemento da persoa. Terminada a rolda completa pódese propoñer que salga unha persoa ao centro e diga o nome de alguén do grupo; a persoa nomeada rapidamente ten que facer o seu movemento e repetir o seu nome (o da persoa interpelada), se non o fai en poucos segundos perde, entón ten que saír á metade substituíndo á/o compañeira/o que estaba aí.

REFLEXIÓN: (relación entre o xogo e o tema traballado): Ao final pódese pedir a dúas ou tres persoas que digan todos os nomes que lembran para comprobar ata que grao se memorizaron os nomes. Nesta actividade tamén se traballa a expresión corporal e o perder a pena

(vergoña). Se se repite noutras ocasións o exercicio pódese avaliar o avance do grupo neste sentido (se está máis solto, se os movementos ou xestos saen máis facilmente ou son máis complexos e/ou creativos, etc.).

ORIENTACIÓNS: (aspectos a ter en conta e/ou variacións): O xogo pódese variar un pouco cambiando o xesto exclusivo que acompaña ao nome por algo que lle gusta a cada persoa e que empeza pola inicial do seu nome. Por exemplo: “chá-mome María e gústame a música; chá-mome Xaime e gústame xogar”. Tamén se pode facer dicindo o meu nome e un soño que teño, algo que me gustaría chegar a realizar, etc.

2. Nomeo e cambio de posto

TIPOLOXÍA: Xogo de presentación

OBXECTIVOS:

- Aprender os nomes
- Mobilizar a enerxía individual e grupal
- Fortalecer a concentración e “aquí e agora” de cada persoa.
- Xerar confianza a través da risa.

PARTICIPANTES: De 10 a 30 persoas a partir de 10 anos.

TEMPO: 15 minutos.

MATERIAIS: Ningún

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:

Pídese ao grupo que se organice en círculo. Quen facilita comeza establecendo contacto visual con outra persoa do círculo, nomeaa e diríxese ao lugar que ocupa esa persoa. O nome pronúnciase ao mesmo tempo que se fai contacto visual e desprázase cara á persoa nomea-



da. Antes de que esta persoa chegue ao posto seleccionado, a persoa nomeada debe dicir o nome doutra persoa do círculo, establecer contacto visual con ela, e desprazarse ao lugar que esa persoa ocupa. Isto debe ser continuo, sen interrupcións.

REFLEXIÓN: Cústame memorizar os nomes doutras persoas? Que sinto cando non me nomean seguido e a outros si? Que causou o que me nomeen moito, ou case nunca?

ORIENTACIÓNS / COMENTARIOS: É importante estimular o ritmo continuo da actividade. Cando se logre, fanse dous, tres e ata catro liñas simultáneas; ao mesmo tempo, deben estarse desprazando catro persoas, mencionando un nome diferente.

Unha variación da actividade parte de que unha persoa como zombie (movemento lento e mans estendidas) diríxese cara a outra persoa que estea no círculo. Debe ser claro cara a que persoa se dirixe. A persoa á que se está a dirixir o zombie, fai contacto visual con outra persoa do círculo e esta, nomeaa. Ao ser nomeada, a persoa agora transfórmase en zombie, o zombie anterior ocupa o lugar do novo zombie, deixa o seu lugar no círculo e diríxese cara á persoa que a nomeou. Agora a persoa que nomeou repite o exercicio e fai contacto visual con outra persoa do círculo, ao ser nomeada transfórmase en zombie.

3. Piña, maracuyá

TIPOLOXÍA: Xogo de presentación e activación

OBJECTIVOS:

- Reforzar o coñecemento dos nomes das persoas do grupo.
- Mobilizar o corpo e a enerxía individual e do grupo.

PARTICIPANTES: Entre 20 e 30 persoas a partir de 12 anos

TEMPO: De 15 a 20 minutos

MATERIAIS: Ningún

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:

Quen facilita a actividade indica que para identificar se os nomes de todas as persoas xa foron aprendidos polo grupo, van xogar piña ou maracuyá. Piña corresponde á persoa que está situada ao lado dereito e maracuyá á ao lado esquerdo de cada un/unha. Organizado o grupo en forma de círculo, propónse que alguén pase adiante, no centro do círculo, e situar fronte a outra persoa mirándoa aos ollos, e diga piña ou maracuyá de tal forma que o máis rápido posible, a outra persoa responda o nome do respectivo compañeiro/a situado á súa dereita ou esquerda (segundo corresponda). Se a persoa responde asertivamente queda no seu lugar, se non, substitúe a quen a abordou. Esta acción repítese varias veces, é necesario que sempre haxa alguén no medio do círculo.

REFLEXIÓN: A persoa que orienta resalta a importancia de aprender o nome das e os participantes e de nomearnos a partir deles. O nome propio é a primeira palabra que nos identifica como persoas, é escollido pola familia, e permite unha identificación social.

ORIENTACIÓNS: Propóñense as palabras Piña e Maracuyá como base do exercicio. Ditas palabras poden variar segundo o contexto do grupo, pero é importante ter a claridade fronte ás palabras para utilizar, a idea é que fagan parte dunha mesma categoría (neste caso específico froitas) pois partése de estimular a concentración e resposta rápida.

Se alguén do grupo prefire utilizar un alcume co que se identifique máis que co seu nome, pode incluírse dita variación tratando de que a participante explique por que a participante se sente máis identificada co devandito alcume. Iso poderá potenciar a reflexión fronte ao carácter identitario do nome propio



Cita exprés

PROVENCIÓN - COÑECEMENTO - CONFIANZA

TIPOLOXÍA: Xogo de coñecemento

OBXECTIVOS:

- Promover a presentación e o coñecemento do grupo.
- Favorecer a comunicación interpersonal

PARTICIPANTES: Entre 20 e 40 persoas a partir de 10 anos.

TEMPO: De 15 a 25 minutos

MATERIAIS: Follas de papel e lápiz (un por participante)

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:

Quen facilita solicita ao grupo que cada persoa debuxa nunha folla de papel un reloxo e que poña nel os números: 12, 3, 6 e 9 (que corresponden ás horas respectivamente). Posteriormente explica que cada un/unha vai a ter catro citas exprés, unha en cada hora das debuxadas e para iso deben buscar a catro persoas. Os temas para abordar en cada cita poden ser diversos. Recoméndase especificalos antes de comezar, que sexan fáciles e próximos ás persoas que conforman o grupo e que sexan persoais pero non excesivamente íntimos. Como exemplo achéganse as seguintes preguntas: 3. O deporte que lles gusta, ven, practican ou do que son seguidores/as, 6. O que lles gustaría estudar, 9. A viaxe que sempre quixeron facer, 12. O soño ou desexo que teñen. Posteriormente, infórmase o grupo que teñen só 1 minuto para buscar ás persoas das citas. Unha vez realizada a procura de persoas, solicítalles que se atopen coa persoa coa que se citaron ás 3, daquela a das 6, a das 9 e a das 12. Para esta actividade bríndase entre 2 e 5 minutos por cita.

REFLEXIÓN: Que sucede antes, durante e despois de acordar e realizar as citas? Que xera compartir con persoas descoñecidas? Que temas me motivaron a compartir máis sobre min? Como se deu o diálogo? Quen iniciou falando?

ORIENTACIÓNS: Os temas para tratar

Burbullas

PROVENCIÓN - CREACIÓN DE GRUPOS - CONFIANZA

TIPOLOXÍA: Xogo de confianza

OBXECTIVOS:

- Desenvolver a confianza en grupo
- Traballar en equipo
- Traballar a concentración e a responsabilidade

PARTICIPANTES: Entre 10 e 30 persoas a partir de 8 anos

TEMPO: De 15 a 30 minutos

MATERIAIS: Venda para os ollos, unha por grupo.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:

Fórmanse grupos de non máis de 10 persoas, os e as participantes tómanse das mans facendo un círculo. Unha persoa pasa ao centro e cos ollos pechados desprázase libremente polo espazo. A invitación para a persoa do centro é “móvete como queiras, dende o que necesites”. A idea é que o resto do grupo, facendo un círculo ao seu ao redor acompaña o movemento de quen está no centro sen tocala e protéxea, coidándoa de calquera cousa coa que poida chocar facendo unha cadea cos brazos entrelazados. A burbulla pode variar de ritmo e de dirección no movemento, segundo como se mova quen está no centro do círculo. Dáselle de 3 a 5 minutos á persoa do centro e vaise alternando este rol, sen forzar, senón convidando a que quen queira poidan pasar ao centro e facer parte da burbulla protectora.

REFLEXIÓN: Confíei no grupo? Que tanto me custou facer o exercicio? Como me sentín estando no centro?, Como sentíron sendo burbulla e protexendo?

Falar da confianza, do que pasa se se perde, da responsabilidade do grupo e



de cada un, dos bloqueos persoais, do traballo en equipo, etc.

ORIENTACIÓNS: É importante non forzar a ninguén a poñerse no centro xa que a confianza é un proceso persoal e cada quen ten que participar a condición de que senta a confianza no grupo para facelo. Outro aspecto para ter en conta, é que o grupo ten que estar concentrado e en silencio para dar seguridade á persoa que se move no centro.

Lavacoches/Masaxe por parellas

PROVENCIÓN - CREACIÓN DE GRUPOS - APRECIO

TIPOLOXÍA: Xogo de confianza, aprecio e relaxación.

OBXECTIVOS:

- Desenvolver a confianza en parellas
- Romper barreiras corporais
- Fomentar a relaxación e o contacto físico

PARTICIPANTES: Entre 8 e 40 persoas a partir de 8 anos.

TEMPO: 10 minutos

MATERIAIS: Música relaxante para acompañar o exercicio (Opcional)

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:

Divídese o grupo en parellas, primeiro unha persoa fará de coche e a outra de lavacoches, despois de 5 minutos van inverter os roles. O/a facilitadora ten que ir dando instrucións para un bo lavado do coche: primeiro coas mans e simbolicamente bótase auga ao coche, despois facendo círculos pónselle o xabón, logo bótaselle máis auga, enxaugase pasando os dedos suavemente polo coche e logo sécase soprando.

REFLEXIÓN: Valorar o grao de relaxación do grupo, Como se sentiron? Cústalles deixarse tocar ou tocar aos demais? Que lles achega o contacto físico nun grupo?, etc.

ORIENTACIÓNS: É importante que se cre un clima de relaxación.

Escoita activa

PROVENCIÓN - FORTALECEMENTO DE GRUPOS - COMUNICACIÓN

TIPOLOXÍA: Xogo de comunicación

OBXECTIVOS:

- Traballar sobre a comunicación no seu elemento de escoita.
- Practicar elementos que forman parte de escoita activa e diferenciaisos.

PARTICIPANTES: Entre 8 e 20 persoas a partir de 15 anos.

TEMPO: 20 minutos

MATERIAIS: Papeis coas instrucións.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:

Divídese o grupo por parellas (uns serán “A” e outros “B”) e repártense polo espazo. Cada persoa recibirá un papeliño segundo sexa A ou B onde están expresadas unhas indicacións que deben seguir no exercicio. Deben ler o papel e gardalo sen comentalo, sobre todo, non comentalo coa súa parella. No momento que todo o mundo teña o seu papel, lese e enténdese as normas, o exercicio comeza coas A contando, falando, durante 3 minutos, algo que lles pasou na súa vida (ou na fin de semana, ou nas súas últimas vacacións, etc.). As B deben escoitar seguindo as normas que estaban escritas no seu papeliño. Pasado o tempo, cambian os roles e son as B quen contan algo durante 3 minutos e as A escoitan segundo as instrucións dos seus papeliños. Rematado o tempo, volvemos a un círculo grande común e avaliamos a actividade.

REFLEXIÓN: Como nos sentimos escoitando e falando segundo fósemos A ou B? Este tipo de actitudes que se dan en escoita, teñen lugar normalmente na vida diaria? Como sentimos cando non nos están escoitando ben ou de todo? Como sentimos cando se nos escoita activa e atentamente? Eramos conscientes de todos estes elementos que forman



parte de escoita (a mirada, a postura corporal, o parafrasear, as preguntas de profundización e entendemento, etc.)?

ORIENTACIÓNS: As instrucións que aparecen nos papeis son completamente contraditorias. Unhas persoas reciben o papel onde aparecen escritos varios elementos que conforman escoita activa e as persoas que reciben o papel B teñen que actuar segundo pautas en contra de dita escoita atenta. As consignas son as seguintes:

Papel A:

- Mostrar interese.
- Mirar aos ollos da persoa que che fala.
- Facer preguntas sobre o tema de conversación.
- Non interromper.
- Estar preto fisicamente.
- Acompañar a escoita de xestos que mostren que estamos a atender (sorrir, afirmar coa cabeza, “ajá”...).

Papel B:

- Mostrar pouco interese.
- Non mirar aos ollos da persoa que nos está falando. Mirar cara a outros lados.
- Interromper.
- Cambiar o tema falando de algo que che pasara a ti ou que penses nese momento.
- Mostrar distancia física.

Cadeira zombie

PROVENCIÓN - FORTALECEMENTO DE GRUPOS - COOPERACIÓN

TIPOLOXÍA: Xogo cooperativo

OBXECTIVOS:

- Xerar cooperación de grupo
- Activar a enerxía e a cohesión de grupo
- Explorar formas de comunicación e xeración de estratexias

PARTICIPANTES: Entre 10 e 40 persoa a partir de 8 anos

TEMPO: De 10 a 15 minutos

MATERIAIS: Cadeiras (preferiblemente sen brazo).

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:

O grupo sentado e disposto en cadeiras distribuídas aleatoriamente polo espazo, unha persoa voluntaria deixa a súa cadeira e párase, recoméndase que quen comece sexa o/a facilitadora. Esta persoa debe saír do espazo e entrar camiñando lentamente (coma se fose un zombie) e buscar sentar na cadeira baleira. Mentres tanto, o resto de persoas pode levantarse da súa cadeira e sentar en calquera outra, buscando comunicarse e cooperar entre elas para que a persoa parada non logre sentar. Se o logra, a persoa que ocupaba a cadeira na que sentou debe substituíla.

REFLEXIÓN: Falar colectivamente sobre a xeración de estratexias do grupo para impedir que sentase quen facía de zombie. De que formas se comunicaron? Alguén nunca se moveu da súa cadeira? Alguén se paraba moito da súa cadeira? Como se reacciona ante a proximidade do zombie?

ORIENTACIÓNS: Unha variante da actividade é dar un tempo antes do inicio para que o grupo xere unha estratexia. Así mesmo, posteriormente pódese poñer a regra de que non se pode falar para así explorar novas formas de comunicación.

Ordenarse nun banco/Tronco no río

PROVENCIÓN - FORTALECEMENTO DE GRUPOS - CONSENSO

TIPOLOXÍA: Xogo cooperativo e de toma de decisións

OBXECTIVOS:

- Coñecer as persoas do grupo
- Favorecer o contacto físico, para ir rom-



pendo barreiras corporais.

- Xerar traballo en equipo, a toma de decisións e a axuda cooperativa.

PARTICIPANTES: Entre 10 e 40 persoas a partir de 6 anos.

TEMPO: 10 minutos

MATERIAIS: Cadeiras ou bancos; se non houbese o anterior, pódese usar cinta adhesiva no chan.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:

Sitúanse en fila tantas cadeiras como persoas haxa e estas subíranse encima. Se usamos bancos, debe haber suficiente espazo para que caiban encima do banco ou os bancos todos os membros. Unha vez todo o mundo estea arriba, explícase que se deben colocar en orde segundo os meses dos seus aniversarios, situándose os de xaneiro nun dos extremos da fila, seguindo sucesivamente o resto de meses, ata chegar aos de decembro no extremo oposto. Ninguén poderá baixarse das cadeiras ou bancos. As persoas que compartan mes deberán ter en conta tamén o día dos seus aniversarios, poñéndose diante as persoas que sexan dos primeiros días de cada mes e así sucesivamente, ata chegar aos últimos días do mes. Cando crean que xa están ordenados, vaise dicindo en voz alta o día e o mes dos aniversarios de cada un, para comprobar se están ben ordenados ou non.

REFLEXIÓN: Como funcionou o traballo en equipo: axudáronse ou non, houbo unha organización grupal antes de facer o exercicio ou cada quen se foi movendo en función de quen tiña á beira, decidiu-se entre todo o mundo ou alguén tomou a voz cantante para organizar como se ía actuar, todo o mundo movíase á vez ou íanse movendo e colocando dun nun, etc. Por último, avalíase como nos sentimos en relación ao contacto físico coas demais persoas.

ORIENTACIÓNS: Se non houbese cadeiras ou bancos, pódese colocar cinta adhesiva no chan, facendo dúas liñas paralelas para que se sitúen entre elas

e teñan que moverse pisando sempre o espazo entre as dúas liñas, sen poder saírse dela.

Unha variante é que non se poida falar, debendo entón comunicarse a través de signos e xestos, usando outras canles de comunicación que non sexan as verbais. Apóstase así, tamén, por favorecer a creatividade na comunicación.

No canto de ordenarse segundo os meses dos nosos aniversarios, pódese elixir ordenarse segundo unicamente os días do mes no que nacemos, ou segundo as iniciais dos nosos nomes (segundo a orde do abecedario), ou segundo as idades (de menor a maior), etc.

É moi importante ter coidado con que ninguén vaia caer das cadeiras ou bancos. Persoas con tacóns ou zapatos con plataforma, é mellor que se descalcen. Mentres se realiza o exercicio, o/a facilitadora pode estar preto e, en ocasións, se o vemos necesario, dar a man a persoas que poidan ter máis medo pola altura ou que sexan menos hábiles corporalmente.

b. Violencias.

Stop de palabras

OBXECTIVOS:

- Fomentar o traballo en equipo
- Xerar competencia entre grupos como forma de contrastar os distintos tipos de dinámicas
- Dar definicións sobre diversos conceptos que non estean dados por posturas politicamente correctas

PARTICIPANTES: Entre 10 e 30 persoas a partir dos 10 anos.

TEMPO: De 15 a 40 minutos

MATERIAIS: Follas, lapis, taboleiro ou carteleira



DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:

En grupos de aproximadamente 5 persoas, distribúese unha folla e un lapis e cada grupo dálle un nome ao seu grupo. Os nomes dos grupos son anotados no taboleiro ou carteleira polo/a facilitador/a. Cada grupo selecciona a unha persoa que será a encargada de escribir na folla de papel.

A actividade consiste en que o/a facilitador/a di unha palabra e cada grupo debe escribir 7 palabras que teñan relación coa palabra dita. O primeiro grupo que termine, levanta a folla coas palabras escritas e di o nome do grupo, le as palabras e se están relacionadas, segundo o criterio de todos os grupos, dáselle un punto.

A idea é que se escriban palabras que sirvan para reflexionar a partir dos conceptos escollidos. Unha vez se chegue ao concepto elixido, escríbense as palabras de todos os grupos no taboleiro e abórdase desde aí o concepto para traballar.

REFLEXIÓN: A idea é reflexionar sobre o papel das dinámicas competitivas, das emocións e sensacións que xera e que permiten deixar de lado as posicións politicamente correctas fronte aos conceptos seleccionados.

ORIENTACIÓNS: As palabras deben estar escritas de forma clara e comprensible. É importante comezar con palabras xerais e comúns, para ir complexizando o exercicio ata chegar aos conceptos seleccionados.

Recoméndase concluír na seguinte orde: conflito, paz e violencia. A orde é de suma importancia pois determinarán a selección das palabras feita polos grupos. Débense dar instrucións claras e contar cun consenso de grupo pois a dinámica xera tensións fronte á puntuación.

Fotografía de... (Introdución ao Teatro Imaxe)

OBXECTIVOS:

- Introducir ao Teatro Imaxe
- Fomentar a espontaneidade, a imaxinación e a creatividade.
- Traballar sobre as múltiples posibilidades de interpretación dunha mesma imaxe.

PARTICIPANTES: De 10 a 20 persoas a partir de 12 anos.

TEMPO: 30 minutos

MATERIAIS: Ningún.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:

O grupo sitúase ao carón do espazo, deixando baleira outra parte do espazo que fará de escenario. O/a facilitador/a di “Trouxemos unha fotografía de...” e menciona un tema. Os e as participantes, voluntariamente, pasan ao escenario, dándose o tempo de observar a composición en proceso, e van completando a imaxe desa situación específica exposta. Non todo o grupo debe facer parte da imaxe, só pasan quen así o desexe. Logo pregúntaselle ao público (composto polos e as participantes que non están na imaxe) que ven: nun primeiro momento a descrición baséase en aspectos formais (ex. persoas de pé, en nivel baixo, etc.) para logo dar paso a interpretacións, descrición de posibles contidos (ex. se ven relacións de poder, se hai agresión, que emocións predominan, que están a querer comunicar dese contexto específico). Tamén se pregunta quen consideran que ten máis poder na imaxe e por que; e quen ten menos.

REFLEXIÓN: Permite reflexionar sobre as múltiples posibilidades dunha imaxe; dos diferentes niveis de lectura, o obvio e o que imaxino (niveis corporais, relacións de poder, emocións, equilibrio do espazo), sobre a importancia de non tapar ou dar as costas ao público.

ORIENTACIÓNS / COMENTARIOS: É importante convidar as persoas que queren compoñer a imaxe para observar as



propostas do resto de persoas antes de incorporarse á imaxe, así como atopar posicións corporais que permitan mantelas por un tempo. Ao pedir ao público que describa a imaxe creada, recomendar comezar polo meramente formal para logo dar paso ás interpretacións. Fronte aos temas propostos para facer imaxe, os primeiros deben ser cotiáns, lugares para logo dar paso ao traballo sobre conceptos: violencia, paz, etc. Pódese explorar a variación que parte de dar voz, a personaxe por personaxe.

Máquinas

OBXECTIVOS:

- Explorar a relación entre corpo e son.
- Representar mediante o corpo conceptos e situacións.

PARTICIPANTES: De 6 a 20 persoas a partir de 12 anos.

TEMPO: 20 minutos

MATERIAIS: Ningún.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE: O grupo camiña polo espazo, quen facilita pide que alguén se deteña e realice un movemento e son repetitivo. Logo de observar o son e o movemento proposto, o ou a facilitadora convida ás e os demais participantes para sumarse cun movemento e son repetitivo propio, complementando e establecendo contacto coas propostas previas. É importante que non todo o grupo faga parte da máquina, dese modo quen queda por fóra, preguntáselles que ven (empezando polo visible, o obvio: persoas de pé, sentadas), que pasa (imaxinar situacións posibles), que nome lle darían á máquina. Logo, pídeselles aos e as participantes da máquina que, sen cambiar o movemento e son de cada quen, lévena a funcionar dende un “conflito”. Pregúntaselle ao público agora que ven. Logo pídesese que volvan á máquina inicial, e que agora a transformen, sen cambiar o movemento e son de cada quen, a unha versión amo-

rosa. Fánselle as mesmas preguntas ao público.

REFLEXIÓN: Que conflito parece colectivizarse? A máquina inicial mostra un conflito? Que necesidades ou problemáticas se expresan neste grupo de traballo? É interesante expor unha reflexión sobre a natureza das máquinas e da tecnoloxía que como creación humana ten implicitamente unha ideoloxía e un principio ideolóxico.

ORIENTACIÓNS: Pódese replicar varias veces no grupo, para que todas e todos logren participar. Así mesmo, pódese dar dende un inicio a instrución sobre que tipo de máquina facer (Ex. Facer a máquina da familia), para poder facer un mapeo das problemáticas e imaxinarios ao redor dun tema específico.

C. Masculinidades.

Antefaces de Xénero

OBXECTIVO:

- Reflexionar colectivamente sobre a construción social e socialización de xénero.

PARTICIPANTES: Persoas a partir dos 12 anos

TEMPO: 1 hora e media

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE: Dispónse o material polo espazo de traballo de forma estética e que suscite a creatividade. Convídase a que cada participante tome un 8/10 de prego de cartolina e convídaselles a que, co material disposto, cren un anteface, unha máscara na que a decoración deixe un espazo para que logo escriban frases encima (a decoración non pode ocupar toda a máscara). Cando o grupo comeza a crear as súas máscaras, váiselles pedindo que lembren cancións infantís que escoitaban na súa infancia e vanse



reproducindo. O obxectivo é rememorar a infancia. Mentres seguen traballando nos seus antefaces/máscaras, pódese-lles ir pedindo que lembren xogos nos que participaban nese entón. O traballo na realización da máscara dura ao redor de 45 minutos máximo.

Unha vez concluída a máscara, fórmulaselle ao grupo ás seguintes preguntas: Que che dixeron que era ser home/muller? E quen cho dixo? Pídeselles que escriban as respostas ás devanditas preguntas sobre as máscaras, nos espazos dispostos e con letra clara. Unha vez realizado, pídeses aos homes que coloquen as máscaras (pegándoas ao pau de petisco) e que fagan un círculo mirando cara fóra mentres as mulleres (sen máscara) fan un círculo mirando cara a dentro observándoos.

Convídase as mulleres a circular, observando detalladamente as máscaras dos homes e lendo o escrito sobre elas. Logo dun tempo, intercámbianse os lugares, as mulleres coas súas máscaras postas van ao círculo interior e os homes observan as máscaras e as frases detalladamente.

Ao final, todos e todas colocan as súas máscaras e camiñan para observalas todas. Unha vez terminada a lectura de todas as máscaras, quen facilita pide ao grupo que sente nas súas cadeiras dispostas en círculo para reflexionar colectivamente sobre aquilo do cal “se dan conta”.

REFLEXIÓN: Como sentiron facendo a máscara/lembrando a infancia/escribindo as frases? Como sentiron cando tiñan a máscara posta e as/os observaban? Cal é a relación entre as frases e a construción social do recoñecerse como home e mulleres? Que relación ten este exercicio coas crenzas e mandatos de xénero? Cal é o papel da familia e a crianza nos devanditos mandatos?

ORIENTACIÓNS: A base do exercicio está ligada coa creatividade e a infancia, polo que é preciso ler o ritmo do grupo para que logren concentrarse.

Mapeo da Masculinidade Hexemónica

OBXECTIVO:

- Reflexionar colectivamente sobre as características físicas, estéticas e emocionais da masculinidade hexemónica.

PARTICIPANTES: de 20 a 30 homes a partir dos 12 anos (recoméndase traballar en grupos non- mixtos).

TEMPO: 1 hora e media

MATERIAIS: Prego de papel continuo, cinta de pintor, marcadores grosos de cores.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:

En grupos de 7 homes, pídeselles que unan os pregos de papel coa cinta de pintor de tal forma que un dos participantes, xirándoa, poida deitarse sobre estes. O resto do grupo, debuxa o seu contorno sobre o papel utilizando os marcadores, quedando plasmado o perfil dun home. Pídeselle ao grupo que, nun primeiro momento, reflexione de forma individual nos aspectos físicos, emocionais e estéticos que culturalmente se lles di que teñen que ser/ter/aparentar por “ser homes”.

Logo, pídeselles que colectivamente compartan os seus achados no grupo e que vaian representándoos, debuxando e/ou escribindo sobre o perfil do home no prego de papel. A idea é que máis que quedar na palabra e na discusión discursiva, o grupo vaia ao prego e consigne os seus achados desde a iniciativa individual e colectiva dos participantes. Posteriormente, cada grupo pega o perfil realizado de tal forma que o resto de grupos poida velos e contrastar vendo aspectos en común, diferenzas, complementariedades.



REFLEXIÓN: Que entenden polo concepto de masculinidade hexemónica?, Cales son as características físicas do home representado? Cales son as características emocionais do home representado? Que implicacións ten iso fronte á relación con outros homes e fronte ao relacionamento coas mulleres? Que teñen eles deste home? De onde provén este deber ser masculino? Como podería ser un home distinto?

ORIENTACIÓNS: É importante salientar dende o inicio que o mapeo parte do home que social e culturalmente se impón como estereotipo; hai que salientar en que non se trata en ir ao ideal que queremos ou en cuestións politicamente correctas.

Ao traballar cun grupo mixto, pódeseles pedir ás mulleres que fagan un contorno dun home e que elas plasmen o mapeo que, segundo as súas vivencias, compoñen ese home hexemónico.

Collage da mocidade

OBXECTIVO:

- Reflexionar desde os imaxinarios sociais sobre o que significa ser un home ou unha muller nova

PARTICIPANTES: homes e mulleres entre os 12 e 20 anos.

TEMPO: 1 hora e media

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE: Forman subgrupos de 6 participantes. Os subgrupos han de estar compostos por persoas do mesmo xénero procurando que haxa unha homoxeneidade na idade.

En cada grupo tómase un prego de papel de 1.80 metros de longo e esténdese sobre o chan. Alguén do grupo déitase sobre el e o resto debuxa o seu contorno con rotuladores de cores. Ao ter a silueta sobre o papel, divídese en tres: unha parte que sexa desde a cabeza ata a metade do tórax (1). Outra parte desde

a metade do tórax ata a coxa (2) e, por último, das coxas ata os pés (3).

Unha vez que cada grupo realiza a súa silueta e a dividira en tres, explícase que buscarán imaxes e/ou palabras nas revistas que cortarán coas tesoiras e pégnas da seguinte forma:

1. Cabeza e parte de tórax

- Os que a sociedade/a cultura di que os/as novos pensan
- O que os/as novos, os participantes pensan

2. Tórax e parte as coxas

- O que a sociedade/a cultura di que os/as novos falan.
- O que os/as novos, os participantes fan.

3. Coxas ata os pés

- O que a sociedade/a cultura di que os/as novos fan.
- O que os/as novos, os participantes fan.

Danse uns 45 minutos para que os/as mozos compartan e constrúan de forma colectiva a silueta, facendo, en primeiro lugar, unha procura individual e logo, na medida en que vaian acordando con todo o grupo, vaian plasmando. Se non atopan unha imaxe ou unha palabra para representar, poden escribilas. Unha vez terminadas a siluetas, pégnanse no espazo de traballo, de forma tal que poidan ser vistas pola totalidade do grupo para compartir impresións.

REFLEXIÓN: Vendo as distintas siluetas, de que se dan conta? Que diferenzas hai entre as siluetas de homes e mulleres? En que se parecen? Hai algo en común coa imaxes ou palabras do que a sociedade sostén pensan, fan e fan os/as novos? Que pasa cando como mozos nos afastamos daquilo que a sociedade desexa de min? Cales son as implicacións que viven os/as novos por non seguir o que a sociedade desexa/esixe deles/elas?



ORIENTACIÓN: É importante dispoñer as revistas polo espazo de forma tal que inspiren a creatividade. Pode designarse por grupo unha persoa encargada de cada unha das tres partes da silueta e que esta, vaia reunindo as imaxes ou palabras e, unha vez se chegue a un consenso co grupo, pégase onde corresponda.

d. Empoderamento.

Muller collage

OBXECTIVOS:

- Reflexionar sobre o que somos e recoñecemos como mulleres
- Tecer pontes e historias que nos unan como mulleres

PARTICIPANTES: Ata 20 persoas

TEMPO: 1 hora

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:

A partir de revistas e materiais plásticos por grupos de 5 participantes, realizaremos unha muller-collage. Ben pode ser coa forma dunha silueta corporal colectiva da maneira na que se imaxinen que poden representar unha muller que una todas as nosas siluetas. Na silueta vai rexistrar tanto elementos como crenzas e características temos como mulleres novas, como son, que me gusta, que soño... Unha vez terminado, poñemos os collages nunha galería e observamos. Como nos identificamos? que nos caracteriza? en que situacións da miña vida apareceron as miñas crenzas e características? véxome nas mulleres próximas a min, da miña familia...?

REFLEXIÓN: Como estamos enlazadas todos os corpos presentes? Consideran que estas crenzas e características son iguais en homes e mulleres? Cales son os impactos/danos no meu corpo? Como sinto con iso?

Con estas mans

OBXECTIVOS:

- Activar os sentidos por medio da memoria de partes do corpo.
- Xerar auto-conciencia e apreciación corporal.
- Fortalecer a confianza do grupo e xerar aprecio no grupo.

PARTICIPANTES: Ata 20 persoas

TEMPO: 15 minutos

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:

Camiñando polo espazo, confórmanse parellas. A actividade consiste en contar que se fixo e que viviron diferentes partes do corpo. Comeza unha persoa da parella cunha parte do corpo: Por exemplo, pídese que falen das mans, así que empezan “Con estas mans hei.. colleito café...”. Despois dun tempo, continua a outra persoa da parella coa mesma parte do corpo. Unha vez as dúas persoas da parella pasaron pola mesma parte do corpo, quen facilita nomea unha nova parte do corpo e o exercicio continúa.

ORIENTACIÓN: É importante pasar por partes do corpo que impliquen os distintos sentidos. Pola natureza do exercicio é moi importante consolidar o grupo antes poden propiciar situacións emocionais vinculadas a historias de vida que o grupo debe saber procesar.

REFLEXIÓN: Recoñezo a importancia e a memoria de cada parte do meu corpo? Que trato lle dei a cada parte? Hai algunha emoción ou historia que se relacione con algunha parte do corpo en particular? Que sucede cos sentidos contidos nas distintas partes do corpo? Relaciónanse entre si? Cada unha contactase cunha parte do corpo que sentiu moi afectada. Que danos produciu o patriarcado no meu corpo?



Límites

OBXECTIVOS:

- Identificar as formas en que poñemos límites
- Probar distintas formas de poñer límites

PARTICIPANTES: 20 – 30 persoas

TEMPO: 15 minutos

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:

Divídese o grupo en dous e pídese que se sitúen en dúas filas (A e B) unha fronte da outra mirándose entre si, cunha distancia de 10 pasos entre elas. Cada persoa da fila A terá unha persoa da fila B en fronte. As persoas da fila A terán o rol de irse achegando á súa parella de en fronte coa intención de invadir o seu espazo e deberán deterse só cando sintan que a súa parella lle pon un límite claro. As persoas da fila B deberán poñer

un límite a quen se achega. A actividade faise en tres momentos marcado polos tipos de límites: primeiro coa mirada, segundo co corpo e a mirada, e finalmente coa mirada, o corpo e a voz. Ao finalizar cámbiase de rol.

ORIENTACIÓN: Para favorecer que conecten coa actividade pódese pedir ao grupo que peche os ollos e imaxine que están nunha situación real onde por exemplo alguén quere achegarse a elas a incomodalas sen o seu consentimento.

REFLEXIÓN: Que me pasa cando poño límites? en cal rolda sentíame máis cómoda, ou pola contra cal me dificultou máis? que pasa cando río ou me poño nerviosa? cando sinto que me poñen un límite claro?







5 BIBLIOGRAFÍA

5 BIBLIOGRAFÍA

Benítez, Luis, González, Santiago y Maiques, Mar (2019) “¿Se puede enseñar a construir culturas de paz a través del arte? Una reflexión desde la apuesta pedagógica de la Corporación Otra Escuela”, en *SSaberes y prácticas pedagógicas socioculturales artísticas*, FFlores, Ana Lucía y Mina, Jesús (comp.), Unicatólica, Cali.

Burton, John (1990) *Conflict: Resolution and Provention, Virginia: Center Conflict Analysis and Resolution*, George Mason University, The Macmillan Press.

Goleman, Daniel (2010) *Inteligencia Emocional*, Editorial Kairós, Barcelona.

Freire, Paulo (2012 [1992]) *Pedagogía del Oprimido*. Editorial Siglo XXI, España.

InteRed (2017) *Jóvenes Actuando con Cuidados*. Propuesta para promover la participación social de jóvenes.

InteRed (2019) *Posicionamiento Institucional de InteRed por una Educación Transformadora*.

InteRed (2019) *Coeducando hacia una ciudadanía global comprometida por un mundo libre de violencias machistas*.

Jares, Xesús (1999) *Educación para la paz. Su teoría y su práctica*, Editorial Popular, Madrid.

Lander, Edgardo (Compilador) (2000) *La colonialidad del saber: eurocentrismo y ciencias sociales*, CLACSO, Buenos Aires.

Maiques Díaz, Mar y Correal Cabezas, Ximena (2015) *Entre parches y recorridos: herramientas de educación para la paz con justicia de género*, Corporación Humanas - Centro Regional de Derechos Humanos y Justicia de Género.

Mora, Francisco (2013) *Neuroeducación. Sólo se aprende aquello que se ama*, Alianza Editorial, España.

Otra Escuela, (2015) *¿Se puede enseñar a construir culturas de paz a través del arte? Una reflexión desde la apuesta pedagógica de la Corporación Otra Escuela*.

Salas Silva, Raul (2003) “¿La Educación necesita realmente de la Neurociencia?” *Estudios Pedagógicos*, n. 29, 2003, pp. 155-171, Universidad Austral de Chile, Valdivia (Chile).

Sharp, Gene (1973) *La política de la Acción Noviolenta*, Boston, Porter Sargent Publishers.

Subirats, Marina (1994) “Conquistar la igualdad: la coeducación hoy” en *Género y Educación*, Revista Iberoamericana de Educación, n. 6. Sept - Dic 1996.



